

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO PACTO DE URXENCIAS EXTRAHOSPITALARIAS

ACTA DO 13 e 19 DE ABRIL DE 2004

En Santiago de Compostela a 13 e 19 de abril de 2004, reunidos os representantes da administración sanitaria e das organizacións sindicais que asinaron o Pacto de urxencias extra hospitalarias e que se detallan no marxe, co obxecto de debater a controversia xurdida coa puntuación adicional a incluír no baremo de selección temporal que se negocia na mesa sectorial, acórdase o seguinte:

1º.- Que as posicións de cada unha das partes negociadoras nesta materia son diverxentes. Con obxecto de encontrar o tradicional consenso na materia xeral de selección temporal, todas as partes manifestan a necesidade de realizar un esforzo para acadalo. Con esta premisa se recollen en acta as posicións das partes.

2º.- De acordo co anterior e trala negociación, a proposta a remitir á mesa se recolle como anexo. Unha vez asinada a acta, a administración remitirá o texto á mesa sectorial.

3º.- Se da por rematada a negociación en sede da Comisión de seguimento do pacto de urxencias extrahospitalarias, co obxecto de tratar a materia completa de selección

temporal en sede de mesa sectorial .

ASISTENTES:

Pola Administración:

- Yolanda Lesmes Romero
Subdirectora Xeral de Relacións
Laborais, Recursos e
Reclamacións

- Ana Comesaña Álvarez
Xefa do Servizo de Relacións
Laborais

Polas Organizacións Sindicais:

CIG

Xan Cons Pintos/Víctor Vila
López/Carmen Giraut Forjan/
Enrique Márquez Cortizo.

CCOO

Juan Miguel Antelo;Purificación
Paradela Rodríguez; Eva Aladriz
Arias/ Mª Luisa Prieto Sarmiento

CESMSATSE

José Manuel Blanco Docanto/
Carmen Garcia Rivas/ Santiago
Rivas Fraga

UXT

Delia Irene Martínez Conde/Jorge
Quíntana Mirón.

CSI-CSIF

Carlos Cancela Rodríguez/Manuel
González Vázquez/José A. Méndez
Fernández/José A. Lamelas García

Como documento previo á presente reunión elaborouse un texto coas propostas da administración adaptadas ás distintas propostas da parte sindical nas reunións previas.

Neste día faise entrega dunha nova proposta de selección temporal no ámbito das urxencias extra hospitalarias que trae a súa causa no Pacto de urxencias extra hospitalarias e na acta subscrita por tódalas organizacións sindicais en data 20 de febreiro de 2004. Se entregan na reunión os baremos de persoal de enfermería e médicos de familia, recollendo a puntuación adicional.

Recóllese seguidamente as alegacións referidas á puntuación adicional das organizacións sindicais, polo seu orde de exposición.

Por último, se recollen as consideracións da administración e a súa proposta definitiva nun documento anexo.

Polo representante da organización sindical CIG:

1º.- Mostra o seu desacordo co peso do porcentaxe da puntuación adicional pola prestación en urxencias extrahospitalarias sobre o baremo total en enfermería (punto VII do baremo de enfermería). Valórase como substancialmente inferior ó porcentaxe utilizado no baremo de médicos, entendendo como insuficiente a puntuación outorgada á puntuación adicional ou especial de urxencias extra hospitalarias.

2º.- Piden a retirada do recollido no apartado B dos puntos IX e VII dos baremos de persoal médico e de enfermería respectivamente, incluídos nos apartados de puntuación especial ou adicional, que premian a prestación do persoal de cadro de persoal con opción voluntaria. Entenden que esta valoración non responde ó acordado na acta de 20 de febreiro.

3º.- A puntuación da dispoñibilidade será admitida sempre que se presente un documento que determine a situación existente a día de hoxe en canto a dispoñibilidade efectiva acreditable.

A representante da organización sindical UXT:

1º.- Propón eliminar o apartado B do punto IX do baremo de persoal médico incluído no apartado de puntuación especial ou adicional de urxencias extrahospitalarias. No seu defecto que o porcentaxe sobre a puntuación adicional de urxencias do citado apartado B se reduza ata a proporción dun 20 % sobre a puntuación do apartado A, que non se manteña, por tanto, a porcentaxe proposta do 50% que vacía de contido a puntuación adicional pola prestación específica de atención continuada en urxencias extrahospitalarias.

2º.- En enfermería propón eliminar o apartado B do punto VII, e manifesta o desacordo coa puntuación do apartado A do punto VII por insuficiente e

representar unha porcentaxe sobre o total do baremo moi diferente á de médicos.

3º.- A súa posición final está condicionada á globalidade do Pacto de contratacións, é sinaladamente á verificación da acreditación da dispoñibilidade efectiva constatada e, no apartado VII, ó cómputo fraccionado en meses e a data de efectividade de dito cómputo.

Pola representante da organización CCOO:

1º.- Con respecto ós Baremos manifesta que, non sería asumida unha puntuación adicional superior a proposta para persoal de enfermería, a actual podería ser asumida por estar dentro dos marxes propostas por esa organización. A puntuación adicional para facultativos parécelles excesiva. Solicita a retirada do apartado B dos puntos IX e VII dos baremos de médicos e enfermería e manifesta que a súa posición final estará vinculada a negociación do pacto de contratacións, aínda que está de acordo en que esta proposta se pase a devandita mesa.

2º.- En grandes liñas está de acordo coa proposta de selección de persoal temporal para as vinculacións de urxencias extrahospitalarias.

Os representantes de CEMSATSE alegan o seguinte:

1º.- Están en desacordo de forma xeral co apartado VII de enfermería no que se reflexa unha puntuación diferenciada por prestación de urxencias extrahospitalarias, polo trato diferenciado con outro persoal de enfermería. Abondando co criterio mantido están en desacordo co punto B do apartado VII.

2º.- Están de acordo cos apartados A e B do punto IX do baremo de médicos e co porcentaxe que supón, pero están a expensas da posición da maioría neste tema.

Mostrarán a súa opinión definitiva á vista do que se traslade o texto do acordado ó Pacto de selección temporal.

O representante de CSIF:

1º.- Coinciden co resto das organizacións sindicais para que se elimine o apartado B do punto IX do baremo de médicos, está de acordo co resto.

2º.- Que se elimine tamén o apartado B do punto VII de enfermería, por considerar que é discriminatorio coa inseguridade xurídica que eso xenera. A

puntuación de 4 no apartado A do punto VII de enfermería o consideran insuficiente e non o aceptan, piden que al menos se outorguen 6 puntos.

Por parte da representante da administración se realizan as seguintes consideracións e propostas:

1º. - Con respecto ó apartado A da puntuación adicional de urxencias extra hospitalarias en enfermería:

Recórdase que no baremo xeral, no último punto do apartado de experiencia profesional, establécese unha puntuación adicional por permanencia e dispoñibilidade en listados de curta duración de especializada e de primaria, esta última se concreta nas urxencias extra hospitalarias, que se engade a adicional ou especial en cuestión. polo que a prestación está suficientemente valorada.

Argumenta que os aspirantes das listas de enfermería prestan servicios indistintamente en dous niveis asistenciais, especializada e primaria, polo que as características de prestación son diferentes das listas de médicos de familia, polo que está xustificada un tratamento diferenciado. Os médicos de familia prestan servicios só en primaria, e a prestación en urxencias extrahospitalarias polo sistema de listado especial se inicio no ano 1999, sendo única durante estes anos. Por esta razón para coberturas futuras das urxencias extrahospitalarias ten xustificada unha consideración diferente. En enfermería hai maior antigüidade en prestación de servicios por listados especiais, hai dous niveis de prestación, primaria e especializada e outras alternativas de prestación voluntaria. A presenza de méritos adicionais xustificada no modelo transitorio debe ser proporcionada co resto do baremo e das características xerais da lista. Tendo en conta o anterior os 4 puntos adicionais por urxencias son suficientes a axustados ó baremo xeral.

2º.- Oídas as posición das organizacións sindicais contra o apartado B dos puntos IX e VII dos baremos de médicos e de enfermería a administración quere facer constar o seguinte:

A incorporación da puntuación adicional para o acceso a postos de traballo en urxencias extrahospitalarias ten o seu baseamento na transitoriedade do modelo pactado no ano 1999, no que participaron voluntariamente os profesionais das listas e tamén do cadro de persoal, si ben dito colectivo non está contemplado na acta de 20 de febreiro de 2004. A introducción do apartado B en cuestión se produce por razóns de prudencia e coherencia coa introducción deste apartado no baremo. A puntuación dos apartados VII e IX pode motivarse, en opinión da administración, a favor dos que participaron no modelo transitorio do Pacto de urxencias, incluíndo dentro de eles os que optaron voluntariamente por facer gardas, ademais dos que prestaron servicios

en condicións de traballo especiais e de dispoñibilidade, como son os vinculados.

Tendo en conta a diverxencia entre as partes negociadoras, e aras da búsqueda dun consenso nunha materia tradicionalmente pactada con todas as organizacións da mesa sectorial, a administración eliminaría o enfoque e o apartado B dos baremos citados, sempre que a parte sindical aceptará a proposta de puntuación adicional de enfermería e de médicos tal como se formula na proposta que consta no documento adxunto e debatida na comisión.

Por medio de instrucións de desenvolvemento do pacto que se asine aclararanse os supostos nos que a garantía de cobertura de atención urxente extra hospitalaria, que servirá de base para o cálculo da puntuación adicional de urxencias extrahospitalarias nos apartados anteriormente reiterados, se entenderá interrompida, coa redución da puntuación que corresponda. A regra xeral será de cómputo do período asignado e dispoñibilidade de prestación polo período da garantía, tendo presente os supostos de interrupción de dita garantía por acceder a nomeamentos de longa duración fóra do marco da garantía citada ou por cambio de nivel asistencial.

En conclusión, elévase a presente acta e os documentos anexos sobre selección de persoal temporal no ámbito das urxencias extrahospitalarias á Mesa sectorial e de negociación do Pacto de selección de persoal estatutario temporal nas institucións sanitarias do Sergas, dando por concluída a negociación no seo da comisión de seguimento do pacto de urxencias extrahospitalarias.